

COMISIÓN DE ACCIÓN SOCIAL ACTA

Data: 8 de setembro de 2020

Hora de inicio/hora de remate: 10:10h / 11:40 h

Lugar: Campus remoto Sala 20

Membros:

Pola Universidade:

- Raquel María Souto García (Xerenta)
- José González Groba (Vicexerente)
- Antonia Melón Amor
- Marta Cogolludo Fernández (secretaría)

Polos Comités de Empresa de PAS de Ourense e Pontevedra:

- José Estévez Vázquez
- Carlos Román Lago
- Luís Pérez Gómez

Pola Xunta de PAS:

- Xoan M. Cebro Rodríguez
- María José Ríos Santomé
- José Manuel Sónora Abeijón

Pola Xunta de PDI:

- Generosa Fernández Manín
- María Montero Muñoz
- Miguel González Loureiro

Polos Comités de Empresa de PDI de Ourense e Pontevedra:

- Begoña González de Prado (disculpa asistencia)
- Javier Lorenzo Paniagua

ORDE DO DÍA

1. Aprobación da acta da reunión anterior (11/12/2019)
2. Información sobre petición de gasto para Campus Camp 2020.
3. Valoración das solicitudes, aprobación de criterios, toma de decisións e incidencias da convocatoria de Axudas Fondo Social 2019.
4. Informe anticipos concedidos 2019.
5. Aprobación da convocatoria e solicitude de Axudas Fondo Social 2020 (gastos 2019).
6. Rogos e preguntas.



Infórmase de que Henrique Macías Cambra deixa a Comisión e no seu lugar estará María José Ríos Santomé.

A Xerenta da comezo á reunión.

1. Aprobación da acta da reunión anterior (11/12/2019).

A Xerenta pregunta ás e aos membros da comisión se aproban a acta da sesión anterior, dáse por aprobada a acta.

2. Información sobre petición de gasto para Campus Camp 2020.

A Xerenta informa que, con motivo do COVID-19, non se celebrou o Campus Camp 2020, polo que a petición feita no mes de marzo polo Xefe do Servizo de Xestión da Extensión Universitaria, queda sen efectos.

3. Valoración das solicitudes, aprobación de criterios, toma de decisións e incidencias da convocatoria de Axudas Fondo Social 2019.

A xefa de sección de retribucións informa que esta é a primeira convocatoria de acción social na que as solicitudes se xestionan a través de sede electrónica, que non houbo incidencias relevantes, sendo unha plataforma áxil tanto para as e os participantes na convocatoria como para a xestión dende o Servizo.

No relativo as incidencias a tratar pola Comisión quedan resumidas en 10.

Comezase tratando 5 delas nas que en sede electrónica as persoas interesadas no procedemento non aportaron ou figuran en branco, tanto o Anexo I – SOLICITUDE - como o Anexo II - COMPROBACIÓN DE DATOS DOS MEMBROS COMPUTABLES DA UNIDADE FAMILIAR -, documentación ambas indispensables e obrigatorias para a resolución da mesmas, aínda que si presentan facturas ou gastos do ano ao que se refire a convocatoria. Acórdase reclamarlles a estes/as interesados/as, na listaxe provisoria, a presentación destes anexos e, no caso do Anexo I, que relacione o tipo de axuda e a persoa beneficiaria que se corresponda coa factura e gasto aportado dentro do prazo de presentación de solicitudes; en ningún caso, implicará a presentación de outros gastos así como aportación de facturas ou gastos distintos aos aportados dentro do prazo de presentación de solicitudes.

No caso da incidencia na que o/a interesado/a presenta o Anexo I en branco e o Anexo II asinado, sen aportar facturas e ou gastos relacionados coa convocatoria e que, fóra de prazo, remite factura de gastos de gafas, acórdase excluíla por fóra de prazo.

No relativo as 3 solicitudes de gastos de saúde en concepto de adestramento visual, sesión reflexos e sesión terapia, a Comisión acorda solicitar ás persoas interesadas, o informe médico xustificativo da recomendación do tratamento, no que se indique en que consiste o mesmo, e que se faga constar que o tratamento non se atopa cuberto pola seguridade social..



Por último, con relación a incidencia de medicación de Alzheimer, a Comisión acorda excluíla en atención ao establecido na base décimo quinta, apartado 4 tratamentos de saúde, na que se indica que non se considerarán os gastos en produtos farmacéuticos.

4. Informe anticipos 2019.

A xefa do sección de retribucións presenta o informe e non hai preguntas relativas ao mesmo.

5. Aprobación da convocatoria 2020.

A Xerenta informa á Comisión de que se presenta o borrador da nova Convocatoria que é igual que a Convocatoria de Acción Social aprobada o día 1 de xuño de 2020 e que se xestionará a través de sede electrónica. Para axilizar o procedemento, debido ao retraso da actual convocatoria, e xa que non se recibiu ningunha proposta por parte das e dos membros da Comisión ao borrador presentado, a Xerencia propón que quede aprobada nos mesmos termos que a anterior. Tras un debate, nos que as e os membros da Comisión entenden que, para aportar melloras ao mesmo, é necesario unha reunión da parte social na que se debata un novo borrador, acordan aprobar a Convocatoria de Acción Social 2020 (gastos 2019).

Polo servizo de retribucións matízase que, sobre o borrador de Convocatoria de Axudas Fondo Social 2020 (gastos 2019) presentado, e que se acaba de aprobar, se actualizará o relativo a aquelas disposicións legais que figurando no mesmo poidan ou estean obsoletas para axustalas ás disposicións en vigor.

A parte social manifesta que intentarán traballar para poder presentar á Comisión unha proposta consensuada para a Convocatoria de Axudas Fondo Social 2021.

6. Rogos e preguntas.

María Montero pregunta se o convenio con Adeslas está actualizado, a Xerenta informa que remitirá á Comisión información sobre este tema.

